



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 154-2024.

XXXII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MEDIO MARATÓN

- **A todas as delegacións da FGA.**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo e a Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa, organizan o XXXII Campionato Xunta de Galicia de Medio Maratón Absoluto, Sub 20, Sub 23 e Máster, o domingo 24 de novembro en Vilagarcía de Arousa.

Art.2).- Poderán participar atletas das categorías Sub 20 e superiores que teñan licenza en vigor pola FGA.

Na competición por equipos poderán participar, tamén, atletas pertencentes a clubs de Galicia malia ter licenza en vigor por outra autonomía.

Art.3).- A proba celebrarase sobre un percorrido a 3 voltas (1 pequena + 2 voltas grandes) homologado pola Real Federación Española de Atletismo.

Art.4).- A saída está prevista para as 10:30 horas, estando a mesma sita na Avenida da Mariña da localidade de Vilagarcía de Arousa.

Art.5).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata o luns 18 de novembro ás 20:00 horas.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal-chip outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase na explanada do auditorio municipal <https://maps.app.goo.gl/8ZpFSXAsvcS4BBsk6>
 - o Sábado 23 de 18:00 a 20:00 horas.
 - o Domingo 24 de 08:30 a 9:45 horas.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.7).- Cámara de chamadas.

- A Cámara de chamadas, sita a carón da saída da proba, estará aberta de 09:50 a 10:15 horas.
- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os/as atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.



Art.8).- Tempo límite.

Establécese un tempo límite de 2 h e 30 min para rematar a proba. Todo/a atleta que supere este tempo será retirado/a da competición sen posibilidade de entrar na clasificación final.

Art.9).- Clasificación por clubs.

- Farase tomando como referencia a suma de tempos conseguidos polos/as tres primeiros/as atletas dun mesmo club (dos cales só un/unha pode ser estranxeiro/a), saíndo vencedor o club que sume un menor tempo.
- No caso de empate na clasificación o gañador será o club cuxo último/a corredor/a que puntúe quede mellor clasificado/a.
- Os clubs poderán ser masculinos ou femininos, pero non mixtos.

Art.10).- Entrega de premios

- A entrega de premios realizarase a partir das 13:00 horas no auditorio municipal.
- No caso de non acudir ao protocolo de entrega de premios, perderase o dereito a percibilo.
- Entregarase medalla aos/as tres primeiros/as atletas de cada categoría Sub 20, Sub 23, Máster e absolutos. Entregarase trofeo aos tres primeiros clubs masculinos e femininos.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 16 de outubro de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo